

,ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 22 de outubro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleiro, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.671).- ACTAS ANTERIORES DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19, 21 E 30 DE XULLO E ORDINARIA DO 23 DE XULLO DE 2010.

Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e urxente do 19, 21 e 30 de xullo e ordinaria do 23 de xullo de 2010. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

2(1.672).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A SCHOOLHOUSE EN CONCEPTO DE AXUDA PARA OS GASTOS OCASIONADOS POR ORGANIZACIÓN, CELEBRACIÓN E ESTANCIAS EN INGLATERRA DO “CONCURSO DE DELETREO EN INGLÉS 2010” (SPELLING BEE CONTEST). EXPTE. 6680/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de protocolo e RR.PP., do 24.05.2010, co conforme da concelleira delegada de Facenda, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 5.10.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 15.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Conceder a Schoolhouse, NIF- E-36.693.612 , unha subvención por importe de 2.000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados por organización, celebración e estancias en Inglaterra do “Concurso de Deletreo en Inglés 2010” (Spelling Bee Contest), e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
5. A beneficiaria, no prazo de cinco meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non

se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
7. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de

Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11. O beneficiario poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(1.673).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIOCOMUNITARIO NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO, 27, PARA A SÚA ADAPTACIÓN DE USO DE CENTRO DE SERVIZOS SOCIOCOMUNITARIOS E VECIÑAIS. EXPTE. 2122/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 18.10.2010, co conforme do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de “Acondicionamento do local sociocomunitario na Avda. Martínez Garrido, nº 27”, para a súa adaptación de uso de centro de servizos sociocomunitarios e veciñais.

4(1.674).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA Á EMPRESA SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. POLA LIMPEZA E MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS NOS MESES DE OUTUBRO, NOVIEMBRE E DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 8953/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.02.2010, co conforme da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral de 28.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e recoñecemento da obrigación a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” -SAMYL-. por un importe de 48.533,76 euros IVE engadido, que se imputarán á partida 443.0.227.06.00 e a súa bolsa de vinculación do vixente exercicio.

5(1.675).- APROBACIÓN DO PLAN DE MANTEMENTO DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE PINTOR COLMEIRO, ELOYMAR T. UTE. EXPTE. 3367/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro municipal de Camiños e director dos Servizos Técnicos, do 13.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

En consecuencia, proponse aprobar o Plan de Mantemento do aparcamento soterrado de Pintor Colmeiro presentado pola Concesionaria ELOYMAR TRANVÍAS UTE.

6(1.676).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE GALICIA. EXPTE. 6629/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 20.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

| Empresa | Puntuación Xuizo de valor | Puntuación mediante fórmula | Puntuación total |
|--|----------------------------------|------------------------------------|-------------------------|
| UTE Oresa S.L. - Sercoysa | 33,00 | 60,00 | 93,00 |
| Agrupconsa | 29,50 | 60,00 | 89,50 |
| Altalsis Building life | 29,00 | 60,00 | 89,00 |
| Hidroscivil | 28,50 | 60,00 | 88,50 |
| Aldasa constructora | 28,00 | 60,00 | 88,00 |
| UTE Inelsa-Paraxe | 27,50 | 60,00 | 87,50 |
| UTE Eiriña – Imesapi servicio movilidad | 27,25 | 60,00 | 87,25 |
| Jesus Martínez Construcciones | 26,50 | 60,00 | 86,50 |
| Oreco Empresa Constructura | 26,20 | 60,00 | 86,20 |
| Construcciones A. Varela Villamor S.L. | 26,25 | 60,00 | 86,25 |
| Movexvial | 26,00 | 60,00 | 86,00 |
| U.T.E.Galicia (Xestión Ambiental de Contratas e Técnicas electricas y Desarrollo Integral SL | 25,75 | 60,00 | 85,75 |
| Espina Obras Hidráulicas SA | 25,50 | 60,00 | 85,50 |

| | | | |
|---------------------------------------|-------|-------|-------|
| Construcciones Crespo SA | 25,25 | 60,00 | 85,25 |
| Marco Obras y Proyectos de Arosa S.L. | 23,48 | 60,00 | 83,48 |
| COVSA | 25,00 | 57,50 | 82,50 |
| Hordescon, S.L. | 21,92 | 60,00 | 81,92 |
| Bardera | 24,00 | 57,50 | 81,50 |
| Arias Hermanos | 21,00 | 60,00 | 81,00 |
| Orega | 18,97 | 46,49 | 65,46 |

2º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 692,78 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

7(1.677).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS E CARRIL BICI EN JULIÁN ESTEVEZ. EXPTE. 6875/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir da licitación ós licitadores seguintes polas causas que se citan a continuación:

- PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN, S.L.: por non acredita-la solvencia económica e técnica.
- CONTRATAS VINCIOS, S.L.: Por non acredita-la solvencia económica e técnica.

2º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

| EMPRESA | Puntuación Xuízo de Valor | Puntuación mediante fórmula | Puntuación total |
|---|---------------------------|-----------------------------|------------------|
| Agrupconsa | 29,50 | 60,00 | 89,50 |
| PLYGEPE | 29,17 | 60,00 | 89,17 |
| Aldasa constructora | 28,50 | 60,00 | 88,50 |
| ORESA | 28,25 | 60,00 | 88,25 |
| XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS | 27,00 | 60,00 | 87,00 |
| Hidroscivil | 26,81 | 60,00 | 86,81 |
| MOVEXIAL | 26,75 | 60,00 | 86,75 |
| Construcciones Crespo SA | 26,50 | 60,00 | 86,50 |
| Varela Villamor | 26,25 | 60,00 | 86,25 |
| Altalsis Building life | 25,75 | 60,00 | 85,75 |
| Marco Obras y proyectos | 25,43 | 60,00 | 85,43 |
| Eiriña | 25,00 | 60,00 | 85,00 |
| Sercoysa | 24,00 | 60,00 | 84,00 |
| CONSLAR | 23,75 | 60,00 | 83,75 |
| COVSA | 26,00 | 57,50 | 83,50 |
| Bardera Empresa Constructora | 23,49 | 57,50 | 80,99 |
| ANCHERLEGUES E ASOCIADOS | 20,00 | 60,00 | 80,00 |
| Excavaciones González e Hijos SL | 21,00 | 58,67 | 79,67 |
| CONSTRUCCIONES GCM | 17,00 | 57,50 | 74,50 |
| Construcciones Eduardo Boán | 14,00 | 56,67 | 70,67 |
| Paraxe | 0,00 | 60,00 | 60,00 |
| Vagallón | 10,00 | 35,00 | 45,00 |

3º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 681,96 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do

contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(1.678).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DA ETEA. EXPTE. 288/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir da licitación ós licitadores seguintes polas causas que se citan a continuación:

- Mirón y Gutierrez, S.A. Por considerar desproporcionada a proposta presentada.
- Cruzval, S.L.: Por considerar desproporcionada a proposta presentada.

2º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

| Nº ORDE | EMPRESA | PROGRAMA DE TRABAJO (20 PUNTOS) | PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (10 PUNTOS) | MELLORAS (10 PUNTOS) | MEMORIA PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS (5 PUNTOS) | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA (30 PUNTOS) | PRAZO DE GARANTÍA (25 PUNTOS) | PUNTUACIÓN GLOBAL TOTAL |
|---------|---------------------------------|---------------------------------|--|----------------------|---|---|-------------------------------|-------------------------|
| 1 | MOVEXVIAL, S.L. | 19 | 7 | 9,80 | 5 | 30,00 | 25,00 | 95,80 |
| 2 | PARAXE | 16 | 8 | 9,99 | 5 | 30,00 | 25,00 | 93,99 |
| 3 | ANTALSIS | 19 | 7 | 8,65 | 2 | 30,00 | 25,00 | 91,65 |
| 4 | EZENTIS | 12 | 9 | 10,00 | 3 | 30,00 | 25,00 | 89,00 |
| 5 | UTE INST. ELECT- GLEZ. OTERO | 14 | 5 | 10,00 | 3 | 30,00 | 25,00 | 87,00 |
| 6 | ORECO | 12 | 7 | 10,00 | 3 | 30,00 | 25,00 | 87,00 |

| | | | | | | | | |
|----|------------------------|----|---|-------|---|-------|-------|-------|
| 7 | BELYPA | 13 | 6 | 9,92 | 3 | 30,00 | 25,00 | 86,92 |
| 8 | ALDASA | 11 | 7 | 9,87 | 3 | 30,00 | 25,00 | 85,87 |
| 9 | SERCOYSA | 13 | 5 | 9,47 | 3 | 30,00 | 25,00 | 85,47 |
| 10 | CONSLAR | 14 | 4 | 9,92 | 2 | 30,00 | 25,00 | 84,92 |
| 11 | JESUS MARTINEZ ALVAREZ | 12 | 5 | 9,88 | 3 | 30,00 | 25,00 | 84,88 |
| 12 | VARELA VILLAMOR | 13 | 4 | 10,00 | 2 | 30,00 | 25,00 | 84,00 |
| 13 | ARIAS HERMANOS | 10 | 6 | 9,98 | 2 | 30,00 | 25,00 | 82,98 |
| 14 | EIRIÑA | 10 | 6 | 9,99 | 1 | 30,00 | 25,00 | 81,99 |
| 15 | UTE XESTION AMB.-DIOS | 10 | 4 | 10,00 | 2 | 30,00 | 25,00 | 81,00 |
| 16 | EXCONSA | 11 | 2 | 9,34 | 2 | 30,00 | 25,00 | 79,34 |
| 17 | DICONSA | 10 | 2 | 10,00 | 2 | 30,00 | 25,00 | 79,00 |
| 18 | A GRUPCONSA | 8 | 3 | 10,00 | 2 | 30,00 | 25,00 | 78,00 |
| 19 | DICSA, S.A.U. | 9 | 0 | 9,96 | 2 | 30,00 | 25,00 | 75,96 |
| 20 | TERRAGUA, S.L. | 8 | 6 | 9,99 | 2 | 30,00 | 18,75 | 74,74 |
| 21 | SERINFRA | 7 | 6 | 10,00 | 2 | 30,00 | 18,75 | 73,75 |
| 22 | GOMEZ CRESPO | 11 | 3 | 0,00 | 2 | 30,00 | 25,00 | 71,00 |
| 23 | ALEA, S.L | 8 | 1 | 10,00 | 2 | 30,00 | 18,75 | 69,75 |
| 24 | VALE, S.L. | 8 | 1 | 9,99 | 1 | 30,00 | 18,75 | 68,74 |
| 25 | ESBEAL DE AROSA | 1 | 1 | 5,80 | 2 | 30,00 | 25,00 | 64,80 |
| 26 | GAMALLO Y RUIBAL | 11 | 1 | 9,00 | 1 | 30,00 | 12,50 | 64,50 |
| 27 | CONSTRUFERGA | 4 | 2 | 3,28 | 2 | 30,00 | 3,13 | 44,41 |

3º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

-Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

-Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

4º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 587,62 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

9(1.679).- APROBACIÓN DO “PROXECTO GRUPO ELECTRÓXENO EN CASA DAS ARTES”. EXPTE. 11457/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 19.10.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “PROYECTO GRUPO ELECTRÓXENO EN CASA DAS ARTES” elaborado polo enxeñeiro técnico industrial D. Francisco Francisco Sánchez, nº de Colexiado 1518, e visado polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia, referencia 10120, que fora encargado por esta Unidade á empresa Plygepe S.L., que conta co informe favorable do servizo de electromecánicos de data 11 de outubro de 2010.

2º.- Nomear a D. Francisco Francisco Sánchez, nº de Colexiado 1518, enxeñeiro técnico industrial, nº de Colexiado 1930, a través da empresa Plygepe S.L, como director da devandita obra.

3º.- Nomear a D. Francisco Francisco Sánchez, nº de Colexiado 1518, enxeñeiro técnico industrial, a través da empresa Plygepe S.L para realizar a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos execución de instalación do grupo electróxeno para Casa das Artes, e para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

10(1.680).- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL. EXPTE. 12038/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da programación (p.e.), do 15.10.2010, co conforme co xefe do departamento de Cultura e do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar o apartado de documentación para tramitar os pagamentos dentro da cláusula oitava, que quedaría redactado deste xeito:

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a primeira e a segunda achega:

No caso de que no momento de tramitar a primeira achega a entidade beneficiaria non teña aínda facturas, pero si gastos comprometidos, consideraranse pagamentos a conta ou anticipados aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento, debendo, en todo caso aportar as facturas derivadas destes compromisos no momento no que estean en poder do beneficiario e sempre antes do trámite da segunda achega.

Para a terceira achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival SINSAL 8, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por SINSALAUDIO para financiar a totalidade do Festival SINSAL 8: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.

EDUCACIÓN

11(1.681).- DESALOXO DO PORTEIRO-VIXIANTE NA VIVENDA MUNICIPAL SITUADA NO COLEXIO PÚBLICO “VIRXE DO ROCÍO”. EXPTE. 12033/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Educación, do 15.10.2010, co conforme da concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1) Nomear provisionalmente a D. José Castro Duarte como porteiro-vixilante do CEIP Párroco D. Camilo, trasladándoo dende o seu destino actual no CEIP Virxe do Rocío, para realizar as mesmas funcións.
- 2) Asignarlle provisionalmente a vivenda existente no CEIP Párroco D. Camilo (actualmente baleira), nas mesmas condicións que ten no seu destino actual (CEIP Virxe do Rocío); esta situación prolongarase mentres duren as obras de construción das novas instalacións do CEIP Virxe do Rocío (tempo de execución previsto, 9

meses) e se poñan a disposición do Concello de Vigo pola Xunta de Galicia as novas dependencias destinadas a vivenda do vixilante-porteiro neste Colexio.

- 3) Trasladar provisionalmente a D. José Novoa Fidalgo, actualmente vixilante-porteiro (sen vivenda) no CEIP Párroco Don Camilo, ao CEIP Virxe do Rocío para o desenvolvemento ordinario das súas funcións, no período de tempo que duren as circunstancias que deron orixe a esta situación.
- 4) Facultar ao Servizo de Educación para que realice as actuacións necesarias para unha posta a disposición adecuada das instalacións destinadas a vivenda do vixilante-porteiro no CEIP Párroco Don Camilo.
- 5) Notificar estas resolucións aos interesados afectados polos acordos adoptados, outorgándolle un prazo de dez días, para que os fagan efectivos.

12(1.682).- VENCEMENTO E PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA PRAZA DE PORTUGAL, CONCESIONARIO “INTERPARKING HISPANIA, S.A.”. EXPTE. 18946/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 19.10.2010, co conforme do xefe da área de Mobilidade e do concelleiro delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-: Prorrogar ao abeiro do previsto no art 59 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 9.01.1953 a concesión administrativa do aparcamento subterráneo de vehículos, sito na Praza de Portugal, da que resulta concesionaria “Interparking Hispania, S.A”, ata que o novo contratista se faga cargo do servizo sen que en ningún caso poda exceder dita prórroga de seis meses, finalizando, en todo caso, o vindeiro 4 de maio de 2011.

2º.- Notificar o presente acordo á Xefatura Municipal de Contratación para o seu coñecemento e que, en todo caso, proceda á tramitación do expediente de contratación nº 78889/210/2010 coa máxima celeridade por canto a prórroga acordada en ningún caso pode exceder de seis meses.

3º.- Notificar o presente acordo á concesionaria “Interparking Hispania, S.A” indicándolle que o mesmo pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da

interposición polo interesado de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

13(1.683).- REGULARIZACIÓN DA GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DA POLICÍA LOCAL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO 2010. EXPTE. 20160/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de RR.HH., do 13.10.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 18.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de MARZO E XULLO-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal continuación se indican, pertenciente aos servizos de Policia Local e Extincion de Incendios e salvamento, como consecuencia da aplicación das novas taboas salarias, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2010:

| oficina | codiemp | ape1 | ape2 | nombre | Diferencia importe |
|---------|---------|------------|-----------|---------------|--------------------|
| 212 | 10493 | CARBALLO | RODRIGUEZ | MANUEL | 16,15 |
| | 10547 | IGLESIAS | LORENZO | JESUS | 4,04 |
| | 12285 | RODRIGUEZ | TRONCOSO | FRANCISCO | 10,10 |
| | 14189 | PIÑEIRO | PEREZ | ISIDRO | 8,07 |
| | 14210 | VAZQUEZ | MARIN | ANTONIO | 4,04 |
| | 14255 | ALONSO | MOREIRA | JOSE LUIS | 4,25 |
| | 14321 | MARON | LORENZO | JUAN ANTONIO | 9,24 |
| | 14344 | BASTOS | RODRIGUEZ | FERNANDO | 4,04 |
| | 14396 | AMOEDO | BLANCO | JOSE MANUEL | 15,85 |
| | 14835 | GONZALEZ | RODRIGUEZ | MIGUEL JOSE | 9,85 |
| | 14976 | BARCIELA | FERNANDEZ | DORINDA | 18,67 |
| | 16834 | GONZALEZ | GARCIA | MANUEL | 18,59 |
| | 16870 | FERNANDEZ | PENA | MIGUEL A. | 4,04 |
| | 16892 | IGLESIAS | COSTAS | FRANCISCO | 16,16 |
| | 17064 | HERMIDA | ARAUJO | ADOLFO | 18,85 |
| | 17130 | NEIRA | HENCHE | FRANCISCO J. | 14,03 |
| | 17147 | ROLO | SILVA | JOSE L. | 0,66 |
| | 18164 | GIL | GREGORIO | JUAN ANTONIO | 8,07 |
| | 18253 | VAZQUEZ | MARTINEZ | MANUEL ANTONI | 7,57 |
| | 18276 | PEREZ | CARRERA | CARLOS MARTIN | 5,29 |
| | 18320 | CARBALLO | ACUÑA | ALBERTO | 49,13 |
| | 18342 | CASTIÑEIRA | CORTIÑAS | ALVARO | 20,44 |
| | 18371 | LOIRA | SOTELO | MANUEL | 4,04 |
| | 18394 | LOPEZ | BURGO | JUAN CARLOS | 0,50 |
| | 18419 | FERNANDEZ | IGLESIAS | ROBERTO | 4,04 |
| | 18425 | PEREZ | RODRIGUEZ | RAMON | 6,07 |
| | 21083 | ALVAREZ | CAMPOS | DIEGO | 12,11 |
| | 21090 | ALVAREZ | DOMINGUEZ | MARIA JOSE | 14,13 |
| | 21114 | SANCHEZ | PEREZ | GERARDO | 8,08 |
| | 21143 | BASTOS | PUESTES | JOSE MANUEL | 4,28 |

| oficina | codiemp | ape1 | ape2 | nombre | Diferencia importe |
|---------|---------|-----------|------------|-----------------|--------------------|
| | 21410 | RODRIGUEZ | GONZALEZ | ADOLFO | 4,03 |
| | 21456 | AVENDAÑO | OTERO | BIENVENIDO | 16,15 |
| | 22250 | CONDE | VAZQUEZ | MANUEL | 9,34 |
| | 22289 | LEIROS | ORGE | CARLOS | 13,21 |
| | 22326 | FONTAN | BALBUENA | CAMILO | 53,00 |
| | 23060 | CASAS | ALDEREGUIA | JOSE MARIA | 4,63 |
| | 23076 | FERNANDEZ | ESTEVEZ | SEBASTIAN | 8,08 |
| | 23099 | JORGE | GARCIA | JAVIER | 5,04 |
| | 23142 | PEREZ | COSTAS | JOSE LUIS | 73,19 |
| | 23171 | SALGADO | GONZALEZ | M TERESA | 1,65 |
| | 23975 | VIVERO | MIJARES | JUAN GUILLERMO | 0,25 |
| | 76470 | FREIRE | ESTEVEZ | ALBERTO | 78,24 |
| | 76472 | SANCHEZ | SANCHEZ | MANUEL | 0,66 |
| | 76473 | ALVAREZ | FERREIRA | FCO. JAVIER | 12,91 |
| | 76475 | COSTAS | PEREZ | DAVID | 21,14 |
| | 76476 | VICENTE | FERREIRA | JOSE IGNACIO | 5,05 |
| | 76478 | GARCIA | VEIRO | JOSE ARMANDO | 31,71 |
| | 77018 | DIEGUEZ | RAPOSEIRAS | JORGE | 21,95 |
| | 77022 | ARBONES | LAGO | GUILLERMO | 4,25 |
| | 77023 | GONZALEZ | FERNANDEZ | PABLO JOSE | 0,51 |
| | 77025 | CORTES | BAUTISTA | JOSE MIGUEL | 4,04 |
| | 77026 | DOMINGUEZ | ALONSO | FRANCISCO | 15,85 |
| | 77028 | FERNANDEZ | LOPEZ | DAVID | 4,04 |
| | 77029 | MARTINEZ | POSADA | VICENTE | 16,40 |
| | 77037 | DAVILA | ALVAREZ | ALFREDO | 6,31 |
| | 77038 | TRONCOSO | DOMINGUEZ | JOSE MANUEL | 16,15 |
| | 77044 | BARCIELA | RIVERA | MANUEL | 4,04 |
| | 77689 | VILA | CAMPOS | FRANCISCO JOSE | 26,41 |
| | 77815 | CARBALLO | ACUÑA | FCO.JAVIER | 85,52 |
| | 78132 | GONZALEZ | SUAREZ | CESAR | 4,54 |
| | 78133 | CARNERO | DIAZ | LUIS ALBERTO | 8,08 |
| | 78137 | DOMINGUEZ | VAZQUEZ | DANIEL JOSE | 4,54 |
| | 78283 | SUAREZ | PIÑEIRO | DAVID | 20,19 |
| | 78286 | PEREZ | FERNANDEZ | JOSE LUIS | 4,62 |
| | 78747 | CAMPOS | CEREIJO | DAVID | 4,04 |
| | 78752 | GARCIA | CARIDE | RUBEN | 20,18 |
| | 78754 | GOMEZ | OTERO | ANTONIO MANUEL | 4,04 |
| | 78756 | JUNCAL | LAGOA | MIGUEL ANGEL | 4,80 |
| | 78757 | LE MOS | ABREU | JOSE MANUEL | 0,50 |
| | 78762 | MALLO | ESTEVEZ | JOSE CARLOS | 0,50 |
| | 78765 | PEREZ | LANDESA | MANUEL FERNANDO | 4,54 |
| | 78770 | RODRIGUEZ | CARPINTERO | ELIAS ISRAEL | 8,07 |
| | 78772 | SANTOS | REFOJOS | DAVID | 8,07 |
| | 79103 | ANTEPAZO | BRUN | PABLO | 24,23 |
| | 79108 | VIDAL | MACIA | RAMON | 16,15 |
| | 79109 | BUGALLO | CORRALES | JOSE ELIAS | 0,51 |
| | 79111 | PRADO | SIMON | GUILLERMO JOSE | 4,04 |
| | 79113 | EIREOS | MOREIRA | LUCAS | 4,04 |
| | 79117 | RODRIGUEZ | VILLAR | OSCAR | 5,30 |
| | 79122 | VIDAL | LORENZO | LUCIA | 8,08 |
| | 79352 | VAZQUEZ | DOMINGUEZ | JUAN DIEGO | 10,56 |
| | 79353 | SOUTO | LOPEZ | JOSE IGOR | 33,05 |
| | 79356 | GREGORIO | SELAS | MIGUEL | 0,51 |
| | 79360 | OJEA | GONZALEZ | ROBERTO | 12,11 |
| | 79362 | PESADO | FERNANDEZ | PABLO | 13,12 |

| oficina | codiemp | ape1 | ape2 | nombre | Diferencia importe |
|---------------|---------|-----------|-----------|-----------------|--------------------|
| | 79363 | MARTINEZ | LINO | PEDRO | 12,11 |
| | 79375 | CAMPOS | FERNANDEZ | ENRIQUE | 0,51 |
| | 79380 | PERALES | RODRIGUEZ | ENRIQUE | 1,01 |
| | 79383 | CALVAR | RIOS | MOISES | 0,32 |
| | 79384 | GARCIA | GIL | ALBERTO | 0,21 |
| | 80576 | RODRIGUEZ | MONTERO | ISMAEL | 4,03 |
| | 80584 | OTERO | PENELA | FERNANDO | 0,51 |
| | 80587 | PEREZ | BARREIRA | XOSE ANTON | 4,03 |
| | 80590 | ALVAREZ | PENA | MARIA | 0,51 |
| | 80596 | BLANCO | PEREZ | JOAQUIN | 4,04 |
| 213 | 8846 | RODRIGUEZ | LOPEZ | JOSE | 18,01 |
| | 13965 | GANDARA | MARTINEZ | JOAQUIN | 15,44 |
| | 14025 | ORDOÑEZ | PEREZ | CARLOS | 27,01 |
| | 14054 | RODRIGUEZ | DURAN | JESUS | 20,58 |
| | 14060 | ALONSO | ABALDE | MANUEL | 6,43 |
| | 14077 | SIO | MARTINEZ | FERNANDO | 10,29 |
| | 14670 | VAZQUEZ | GONZALEZ | DOMINGO | 20,58 |
| | 15562 | IGLESIAS | COMESAÑA | GUILLERMO | 24,44 |
| | 15705 | GONZALEZ | PEREIRA | CARLOS | 1,28 |
| | 17087 | OTERO | MARTINEZ | MANUEL | 9,00 |
| | 17153 | ALVES | DIZ | MIGUEL | 7,72 |
| | 17561 | JARDON | LOSADA | SATURNINO | 7,72 |
| | 18508 | FERNANDEZ | CABALEIRO | JOSE LUIS | 20,58 |
| | 20586 | ABREU | TORRES | FRANCISCO JAVIE | 39,87 |
| | 20617 | COSTA | RIVAS | JOSE | 9,01 |
| | 20623 | COSTAS | TABOAS | JUAN ALBERTO | 7,72 |
| | 20652 | MOLEDO | ALONSO | MANUEL ENRIQUE | 15,43 |
| | 20787 | FERNANDEZ | FERNANDEZ | ENRIQUE A | 7,72 |
| | 20801 | ALONSO | VILLAR | JUSTO | 30,88 |
| | 20847 | ESTEVEZ | ALVAREZ | ROBERTO | 6,43 |
| | 20882 | EGUIA | LOUZAN | MARCOS | 1,29 |
| | 20899 | MOLEDO | ALONSO | RAFAEL | 42,44 |
| | 20942 | GOMEZ | MOURE | JUAN CARLOS | 30,87 |
| | 20965 | ROMERO | IGLESIAS | RAFAEL | 37,30 |
| | 21491 | CARBALLO | LEIROS | JOSE | 20,58 |
| | 22600 | COLLAZO | REGUEIRO | JOSE RAMON | 5,14 |
| | 76516 | GONZALEZ | UCLES | MIGUEL | 1,28 |
| | 78777 | FUENTES | DOMINGUEZ | JOAQUIN | 1,29 |
| | 79041 | TORRES | FERNANDEZ | JOSE ANTONIO | 5,15 |
| | 79043 | MOLEDO | ALONSO | ROBERTO | 30,87 |
| | 80559 | GONZALEZ | RIVEIRO | DAVID | 30,87 |
| Total general | | | | | 1.633,04 |

14(1.684).- PRODUTIVIDADE CHOFERES DA TENENCIA DA ALCALDÍA 2º SEMESTRE 2010. EXPTE. 2007/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de RR.HH., do 29.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

O recoñecemento aos funcionarios D. José Luís Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vázquez Rodríguez Rodríguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, un complemento de produtividade por importe de 1705.50 € cada un deles, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de oficial condutor de alcaldía e as establecidas para os posto de gardas da policía local, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2010, con cargo a partida 922.0.1500000.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 850.20 € en concepto de produtividade a favor de cada un dos funcionarios D. José Luís Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vázquez Rodríguez Rodríguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, con cargo a la partida 12111500000, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2010

15(1.685).- PRODUTIVIDADE POLICÍA SEGURIDADE DA TENENCIA DA ALCALDÍA 2º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 20010/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de RR.HH., do 21.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como policía local-seguridad da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2010:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policía local-seguridad, por importe de 617,85 €

D. Manuel Antonio Vázquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridad, por importe de 1600,34 €

2º.-Aprobar e comprometer o gasto por importe de total de **2218,19€**, en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142 e D. Manuel Antonio Vázquez Martínez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridad, con cargo a RC 40869 realizado en data 14 de xuño de 2010 da partida 92201500000, polo período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2010.

16(1.686).- NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS DIPLOMADAS EN TRABAJO SOCIAL. EXPTE. 20133/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de RR.HH., do 4.10.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 14.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura interina de dúas prazas vacantes de Diplomado/a en Trabajo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase; Media, de acordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social contida nos escritos de datas 16 de abril e 21 de setembro de 2010.

2º.- Nomear funcionarias interinas con cargo á prazas vacantes de Diplomado/a en Trabajo Social a D^a. Aurora Murillo Díaz, DNI 36.122.133-N e D^a. Sofía Méndez Camaño, DNI 76.826.904-G, con DNI 36.173.583-B, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal na derradeira oferta de emprego público convocada por éste Concello.

Os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente a condición de funcionarias interinas no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban as interesadas, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2010, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.”

17(1.687).- ADXUDICACIÓN DA REPARACIÓN DE CALDEIRA CENTRAL NO EDIFICIO CONSISTORIAL Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO MANTEMENTO DA SALA DE CALDEIRA CELTSENER, S.L. EXPTE. 423/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, do 4.10.2010, co conforme do concelleiro delegada de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Reparación de caldeira central de 350 Kw. no Edificio Consistorial” á empresa adxudicataria do mantemento da sala de caldeiras Celtserner, S.L. por un importe de **33.077,93** (trinta e tres mil setenta e sete euros con noventa e tres céntimos) Euros.

18(1.688).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NO CALEXÓN NA TRV. DE VIGO, 138. EXPTE. 1694/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, do 15.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra .

2º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria DIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECCIONES, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

19(1.689).- MEMORIA VALORADA “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO C/ QUIRÓS (TRAMO MOIANIA-DONA CRISTINA) PARROQUIA DE SÁRDOMA. EXECUCIÓN DAS OBRAS AQUALIA. EXPTE. 461/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo e de control presupostario da área de Servizos Xerais, do 18.10.2010, co conforme do xefe da área de Servizos Xerais e da concelleira delegada de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprrobe a memoria valorada presentada pola empresa Aqualia, con data 25 de maio, para executa-las obras de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA QUIRÓS (TRAMO MOIANIA-DONA CRISTINA)", por un importe de 41.650 € (IVE EXCLUÍDO)

2º.- Que se adxudique a execución de ditas obras á “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 41.650 € (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, segundo informe do xefe do servizo de investimentos de data 23 de setembro”

20(1.690).- APROBACIÓN DE MEMORIAS VALORADAS PARA OBRAS DE SOTERRAMIENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE POR SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 536/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 19.10.2010, co conforme da concelleira delegada de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as memorias valoradas que se detallan no cadro que se achega a continuación, polos importes indicados en cada caso, que teñen por obxecto as obras de soterramento de liñas eléctricas en diversas rúas da cidade como consecuencia da subvención concedida pola Xunta de Galicia por importe total de 932.882,18 €:

| Denominación das obras | Partida | Importe |
|---|----------------|----------------|
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel Álvarez. Ámbito rúa Ramón Nieto a camiño Meixoeiro. | 1550.619.00.60 | 43.834,73 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel Álvarez. Ámbito camiño Meixoeiro a camiño Bouciña. | 1550.619.00.60 | 31.461,42 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel Álvarez. Ámbito camiño Bouciña a Estrada Vella de Madrid. | 1550.619.00.60 | 55.565,30 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no cruce de Travesía de Vigo coa rúa Cantabria. | 1550.619.00.61 | 33.534,40 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Cesáreo Vázquez. Ámbito PO-552 e camiño do Bouzo. | 1550.619.00.62 | 58.117,84 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Cesáreo Vázquez. Ámbito camiño do Bouzo e camiño Currás. | 1550.619.00.62 | 45.602,67 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Cesáreo Vázquez. Ámbito camiño Currás e camiño Amariz Loureiro. | 1550.619.00.62 | 58.972,78 € |
| Denominación das obras | Partida | Importe |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Cesáreo Vázquez. Ámbito camiño Amariz Loureiro e camiño Outeiro. | 1550.619.00.62 | 53.711,29 € |

| | | |
|--|----------------|-------------|
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Cesáreo Vázquez. Ámbito camiño Outeiro e camiño Oia. | 1550.619.00.62 | 55.609,96 € |
| Reparación de instalacións na rúa Angel de Lema y Marina (Entre o nº 1 e o nº 21). | 1550.210.00.00 | 50.384,69 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito vivenda nº 9 e cemiterio de Matamá. | 1550.619.00.63 | 42.530,49 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito cemiterio de Matamá e vivenda nº 51. | 1550.619.00.63 | 58.977,39 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito vivenda nº 51 e vivenda nº 117. | 1550.619.00.63 | 58.412,95 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito vivenda nº 117 e vivenda nº 153. | 1550.619.00.63 | 58.999,09 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito vivenda nº 153 e vivenda nº 163. | 1550.619.00.63 | 50.681,97 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel de Cominges. Ámbito vivenda nº 102 e vivenda nº 140. | 1550.619.00.63 | 38.558,80 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel Lago Lago. Ámbito Fragoselo. | 1550.619.00.64 | 56.757,76 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Manuel Lago Lago. Ámbito Estrada Camposancos. | 1550.619.00.64 | 18.292,93 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Castaña (Entre camiño Freixeiro e rúa Xavier Sensat). | 1550.619.00.65 | 49.218,08 € |
| Soterramento de infraestruturas eléctricas no entorno da rúa Castaña (Entre rúa Xavier Sensat e rúa Carlos Maside). | 1550.619.00.65 | 49.428,25 € |

21(1.691).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA GONDERÁN. EXPTE. 506/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais, do 21.10.2010, co conforme do xefe da área de Servizos Xerais e da concelleira delegada de dita área, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 14.10.2010, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro do 21.10.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de condicionamento de muro de contención na rúa Gonderán, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos de redución de prazos, baseado en razóns de interese público para garantir a seguridade dos viandantes.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Servizos Xerais mailo xefe da OSPIO, con data 13 de outubro, para á contratación das obras de condicionamento de muro de contención na rúa Gonderán, segundo proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL S.L. e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, incluíndo a FEC (Follas de especificación do contrato) correspondente, redactadas polo xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, con data 14 de outubro, para a citada contratación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.27, por un importe máximo de 77.384,30 €, máis o 18% (13.929,17 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 91.313,47 € (NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

22(1.692).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE GENO DECORACIONES Y MONTAJES S.L. EN RELACIÓN COS GASTOS DE REPARACIÓN E INSTALACIÓN DO ALUMEADO NADAL 07/08. EXPTE. 2839/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía do 08-04-2010, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Histórico, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 2-10-2010 e 13-10-2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade Geno Decoraciones y Montajes S.L., con CIF B36820330, en relación os gastos de reparación e instalación do Alumeado Nadal 07/08 e Alumeado Nadal 08/09, polo importe de 168.939,48 € (114.062,80 € anos 07/08 e 54.876,68 € anos 08/09), de acordo coas facturas nº 008-08 de data: 02/04/2008 e nº 010-09 de data: 02/04/2009, con cargo a partida e a vinculación 6220.2130000 “Alumeado Nadal” do vixente orzamento

23(1.693).- ADHESIÓN AO MODELO XERAL DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN. APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN APR “AOD A-2-36 SAMIL”. EXPTE. 4974/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.10.2010, co conforme do arquitecto xefe da oficina de Planeamento e Xestión dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aplicar á xestión do Ámbito de Planeamento Remitido con ordenación detallada APR «AOD A-2-36 SAMIL» do PXOM de Vigo o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004); aceptada en escritura pública por propietarios que representan mais do 70% da superficie do polígono.

2º.- Aprobar a constitución da Xunta de Compensación do citado ámbito, efectuada mediante escritura pública de data 14.04.2010, autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez co núm. 905 do seu protocolo, e requirir ós órganos reitores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no Artigo 5 do RD.1093/97, do 4 de xullo.

3º.- Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D. José Manuel Mariño Mendoza.

4º.- Instar da Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia a inscrición desta Xunta de compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

5º.- Requiritur ós propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo dun mes desde a notificación deste acordo se adhiran perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal. Transcorrido ese prazo a incorporación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación. En todo caso, de non incorporarse, a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa en favor da Xunta de Compensación.

6º.- Notifíquelles o contido íntegro deste acordo á Xunta de Compensación e a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun

mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

7º.- Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da APR «AOD A-2-36 SAMIL» nas infraestruturas.

24(1.694).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA UE V-E PERI IV-05 TRV. DE VIGO-ARAGÓN. EXPTE. 4976/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 17.09.2010, co conforme do director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4976/401 e, en especial, o informe de data 08.09.2010 do adxunto ao Director dos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, aceptar nos termos que neles se indican a recepción das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do “PERI IV-05 Travesía de Vigo-Aragón”, condicionando a eficacia do presente acordo á incorporación á escritura pública de Declaración de Obra Nova Terminada e División Horizontal achegada ao expediente, dun plano de situación no que se reflectan cada unha das superficies obxecto de cesión a favor do Concello (cesión de uso de superficie: 91,20m², 91,20 m² e 221,74 m² e fincas nº.3 e 4 do proxecto de equidistribución aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o día 26.12.2005), determinándose a participación dos propietarios na obriga de conservación e mantemento de ditos terreos polas coutas de participación que se fixen para o mantemento e conservación dos elementos comúns en relación ao total do valor do inmovible na escritura/s de Obra Nova e División Horizontal da unidade, carga que se inscribirá no Rexistro da Propiedade.

2º.- Notificar este acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

3º.- Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, aos Departamentos municipais de Vías e Obras, Mobilidade, Transporte e Seguridade, OSPIO, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. e ás compañías Telefónica de España, S.A., Unión Fenosa, S.A., “R” Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A. e Gas Natural SDG, S.A.».

25(1.695).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RETAXACIÓN DA PARCELA Nº 1 DO PROXECTO EXPROPIATORIO PARA A AMPLIACIÓN DA CIDADE UNIVERSITARIA 2ª FASE. EXPTE. 226/413.

Retirado xa no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo sesión do 21.10.2010.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(1.696).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS E APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 18994/240.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Patrimonio, do 1.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Xestión Municipal, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 30.09.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 15.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto que de 406.355,54 euros para a contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do concello que se imputarán a partida 9226.2279901 dos presupostos dos anos 2010, 2011,2012,e 2013.

2º Aprobar o expediente de contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do concello que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 10-08-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado con publicidade con múltiples criterios de data 15-09-2010.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

27(1.697).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN EN PROPIEDAD DE 28 MOTOCICLETAS E APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 34434/212.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 21.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 21.10.2010 e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 19.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a adquisición en propiedade de 28 MOTOCICLETAS para a Policía Local, distribuídas así:

- a) 19 motocicletas para o Servizo de Proximidade, por un importe máximo de 235.600 €.
- b) 3 motocicletas para o servizo de Escoltas de Personalidades, por un importe máximo de 60.300 €.
- c) 6 motocicletas para a Unidade Medioambiental e Intervención Rural (UMIR), por un importe máximo de 54.100 €.

2º.- Aprobar, en consecuencia, o gasto necesario para a realización do seu obxecto, por un importe total de 350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.624.00.00.

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación, aberto, ordinario e suxeito a regulación harmonizada.

4º.- O obxecto do contrato realizarase de forma fraccionada, en tres lotes, un por cada clase de vehículo, e segundo as bases técnicas que se acompañan redactadas polo funcionario que subscribe o 08 de outubro de 2010, e as cláusulas administrativas particulares e follas de especificación do contrato de 21 de outubro de 2010.

Ademais, no caso do lote correspondente ás motocicletas da UMIR, contemplarase o pago de parte do prezo mediante a entrega das motocicletas con núm. de flota 327, 328, 391 e 392, que se valoran nun mínimo de 500 € (IVE incluído), cos efectos previstos no art. 270.2 da Lei 30/07 de Contratos do Sector Público.

28(1.698).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN E MANTEMENTO DO ARQUIVO PACHECO DURANTE 5 MESES. EXPTE. 240/338.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de xestión de Patrimonio Histórico, do 30.09.2010, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 22.09.2010, e co informe da xefa do

servizo de Fiscalización do 19.10.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 240/338 para a contratación da COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO NA XESTIÓN E E MANTEMENTO DO ARQUIVO PACHECO.

2º.- Aprobar o gasto de 65.000,00 € euros (IVE incluído) para a execución do contrato de COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO NA XESTIÓN E E MANTEMENTO DO ARQUIVO PACHECO, que se imputarán á partida 3340.2279916 TRABALLOS ESTUDIO PACHECO. Corresponderán á anualidade 2010, 21.666,67 euros, e á 2011, 43.333,33 euros.

3º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación desta colaboración co Concello de Vigo a través dun procedemento negociado sen publicidade, seguindo os criterios de valoración establecidos polo Servizo de Museos na data do 23/07/2010, e que obran no expediente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a invitación a participar a un mínimo de 3 empresas.

29(1.699).- PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE “RETIRADA DE SÍMBOLOS RELATIVOS Á SUBLEVACIÓN MILITAR NA CASA DAS ARTES DE VIGO. EXPTE. 12580/331.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 20.10.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde dos traballos de execución para a retirada de símbolos relativos á sublevación militar na Casa das Artes, conformado por D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

30(1.700).- APROBACIÓN DAS BASES PARA A I EDICIÓN DO CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA “EU TAMEN PODO 2010”. EXPTE. 57721/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico responsable de Benestar Social do servizo de persoas maiores e con discapacidade e do xefe da área de Benestar Social, do 20.10.2010, co conforme da concelleira delegada de dita área, co informe do letrado asesor do 21.10.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 21.10.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases que se achegan para a I edición do concurso de creación artística **“Eu tamén podo 2010”** dirixido a todas as persoas, residentes e/ou nadas en Vigo, con discapacidade, e a todas aquelas entidades ou asociacións con sede social no Concello de Vigo relacionadas coa promoción das persoas con discapacidade.

2º.- Aprobar o gasto de **2.000,00€** para a dotación dos premios con cargo á partida 2310 2279909 “Outras actividades de grupos desfavorecidos ou a súa bolsa de vinculación”

I EDICIÓN DO CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA

EU TAMÉN PODO 2010

O Concello de Vigo convoca a través da concellaría de Benestar Social a I edición do concurso de creación artística **“Eu tamén podo 2010”**.

O concurso está dirixido a todas as persoas, residentes e/ou nadas en Vigo, con discapacidade, e a todas aquelas entidades ou asociacións con sede social no Concello de Vigo relacionadas coa promoción das persoas con discapacidade.

BASES DO CONCURSO

1. Obxectivo e tema

O obxectivo do certame é facilitar a participación socio-cultural, dinamización das persoas con discapacidade a través da arte, ademais de sensibilizar aos cidadáns sobre os seus aspectos positivos.

O tema será libre.

2. Modalidades

O concurso comprende catro modalidades de participación:

1. Creación literaria
2. Fotografía
3. Pintura
4. Debuxo

3. Formato

Os traballos deberán cumprir as seguintes especificacións:

▪ **Creación Literaria:**

Existirá liberdade de xénero, polo que se admitirán tanto poesías (ben soltas ou poemarios) en calquera dos formatos: contos, relatos de ficción, reportaxes literarios, pezas dialogadas, ensaios ou artigos.

As obras presentaranse por duplicado, en lingua galega, convenientemente grapadas ou encadernadas e co título. A extensión non poderá ser superior a 8 páxinas, en fonte Tahona, Verdara ou Comic Sans, tamaño 12-13 e interlineado de 1,5.

▪ **Fotografía:**

As fotografías poderán ser en branco e negro, e en cor, o tamaño **será maior de 15x20 cm.**

Poderán entregarse en calquera dos dous formatos de fotografía: dixital ou analóxica.

1. As imaxes dixitais realizaranse en formato tiff. Deberán ter unha resolución mínima de 300 píxeles por pulgada. Poderanse entregar en formato dixital ou en papel.
2. As fotografías analóxicas deberán presentarse en papel.

▪ **Pintura:**

A pintura será de técnica libre, en algún dos seguintes materiais: Óleo, acrílico, acuarela.

As medidas das obras non serán inferiores ao tamaño folio nin superiores a 130x130cm. Os lienzos é recomendable presentalos enmarcados.

▪ **Debuxo:**

O debuxo será de técnica libre.

4. Condicións xerais:

- ◆ Os traballos serán inéditos e orixinais e non poderán ter sido premiados noutro concurso.
- ◆ O tema dos traballos será libre.

- ◆ Os concursantes poderán participar como máximo con dúas obras por cada modalidade excepto en fotografía. Na modalidade de fotografía permitírase presentar como máximo 3 obras cuxo tamaño será maior de 15x20cm.
- ◆ Estabelecerase categorías de participación por cada modalidade:
 - a) Adulto: para aqueles que superen os 18 anos o 26 de outubro de 2010.
 - b) Asociacións ou entidades relacionads coa promoción das persoas con discapacidade, as cales poderán representar a un o varios dos seus membros
- ◆ As entidades ou asociacións deberán acreditar a súa vinculación coas persoas con discapacidade presentando fotocopia dos Estatutos ou documento xustificativo de tal relación.
- ◆ O xurado reuniráse o día 30 de novembro de 2010, para o estudo das obras presentadas e emitirá o fallo definitivo antes do día 3 de decembro. No caso de producirse un empate procederase da seguinte forma:
 - Persoas físicas: resultará gañadora a persoa que teña unha maior porcentaxe no grado de discapacidade.
 - Persoa xurídica: procederase a un sorteo
- ◆ O xurado, que será único para as dúas modalidades, terá a seguinte composición.

| | |
|-------------------|---|
| Presidenta | Concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo |
| Vocal | Concelleiro de Cultura do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue |
| Vocal | Periodista ou escritor |
| Vocal | Fotógrafo |
| Vocal | Debuxante |
| Vocal | Pintor |
| Vocal | Un membro do Consello de Accesibilidade que non represente a unha asociación de discapacidade |
| Secretaría | Técnico/a da Área de Benestar Social (sen voz nen voto) |

- ◆ O xurado valorará tanto a calidade como a orixinalidade e creatividade dos traballos. O xurado poderá deixar deserto algún premio e ningún premio poderá ser dividido.
- ◆ Os gañadores dos premios ceden os dereitos de reprodución e distribución da obra en calquera das súas formas. O Concello de Vigo mencionará o autor da obra no caso de publicación.
- ◆ Os autores das obras non premiadas poderán retiralas no prazo dun mes dende a data de concesión dos premios, recolléndooas no mesmo enderezo de entrega. A partir do prazo indicado, as obras non retiradas serán destruídas ou pasarán á disposición do Concello de Vigo. O Concello de Vigo resérvase o dereito de quedarse en propiedade coa fotografía, pintura, debuxo ou creación literaria que obteña o primeiro premio de cada modalidade.
- ◆ O mero feito de participar no concurso supón a aceptación plena das bases.

5. Procedemento

O procedemento para a concesión do premio será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

6.Solicitud e documentación

- ◆ O prazo para a recepción dos traballos comezará a partir da publicación das bases deste concurso no Boletín Oficial de Pontevedra (BOP) e finalizará o día **26 de novembro de 2010 ás 13.30h**,
- ◆ Ningún traballo presentado levará indicación da identidade do autor. Todos os traballos presentaranse, por tanto, con lema ou pseudónimo e a correspondente plica. Dentro do sobre grande incluírase un sobre pequeno pechado no cal se indicará “Eu tamén podo 2010”, o título da obra, o pseudónimo ou lema, e conterá no seu interior unha copia do anexo correspondente. A segunda copia do Anexo será selada e servirá de comprobante da entrega das obras.
- ◆ Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en horario de 09.00h a 13.30h, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Senón se presentan no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, haberá que remitir fax á Concellería de Benestar Social notificando a súa presentación. O fax ó que hai que remitilo é o número 986 222 533.
- ◆ Unha vez presentadas as obras comprobarase toda a documentación solicitada. Si non estivese completa solicitarase a documentación que falte, e a mesma deberá ser completada como máximo para o día **29 de novembro de 2010 ás 13.30h**. No caso de non achegar a documentación solicitada quedará excluído da participación no concurso.
- ◆ Para poder participar na I edición do concurso de creación artística “Eu tamén podo 2010” as persoas físicas presentarán o Anexo I e as persoas xurídicas o Anexo II que se anexan nestas bases.

7.Publicidade

A presente convocatoria, coas bases reguladoras da I edición do concurso de creación artística “Eu tamén podo 2010”, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do edificio municipal e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

8.Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución

4. A Concellería de Benestar Social será a encargada da instrución do procedemento relativo I edición do concurso de creación artística “Eu tamén podo 2010”, e a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder o premio a proposta do xurado.
5. A concesión do premio notificarase ás persoas que se presenten no prazo de dez días a partir da data de concesión, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
6. A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión dos premios da I edición do concurso de creación artística “Eu tamén podo 2010”, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9.Pagamento

1. O pagamento do Premio, tramitarase a partir dun mes contado dende o día seguinte ó outorgamento pola Xunta de Goberno Local de non existir recurso ningún, e de existir recurso, tras de seren cumpridos os prazos legais para a súa resolución.
2. Antes de proceder ao pago da cantidade relativa ó premio, o gañador deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable.
3. Dotación dos premios:

| | Adulto | Asocións ou Entidades |
|--|--------|-----------------------|
|--|--------|-----------------------|

| | | |
|---------|---------------------|---------------------|
| Pintura | 1º Premio : 250,00€ | 1º Premio : 150,00€ |
| | 2º Premio: 100,00€ | |

| | | |
|--------|---------------------|--------------------|
| Debuxo | 1º Premio : 250,00€ | 1º Premio :150,00€ |
| | 2º Premio: 100,00€ | |

| | | |
|--------------------|---------------------|--------------------|
| Creación Literaria | 1º Premio : 250,00€ | 1º Premio :150,00€ |
| | 2º Premio: 100,00€ | |

| | | |
|------------|---------------------|---------------------|
| Fotografía | 1º Premio : 250,00€ | 1º Premio : 150,00€ |
| | 2º Premio: 100,00€ | |

Ao importe de cada un dos premios aplicaráselle as retencións previstas na vixente lexislación tributaria.

11. Tratamento dos datos de carácter persoal.

Os datos das persoas que se presenten ao premio, agás no relativo ó mesmo, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

A persoa (ou persoas) beneficiaria do presente premio poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

12. Normativa aplicable.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

I EDICIÓN DO CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA EU TAMÉN PODO 2010

ANEXO I (Persoa física)

- Pseudónimo ou lema

- Nome e apelidos
- Enderezo
- Teléfono de contacto
- Fotocopia do certificado de discapacidade
- Fotocopia do documento nacional de identidade
- Título da obra

Don/a.....expresa o seu desexo de participar na I edición do concurso de creación artística **“Eu tamén podo 2010”** convocado polo Concello de Vigo, a través da área de Benestar Social, aceptando as bases do concurso.

(Cubrirase un impreso por cada obra que se presente)

I EDICIÓN DO CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA **EU TAMÉN PODO 2010**

ANEXO II (Entidades ou asociacións)

- Pseudónimo ou lema
- Nome da asociación ou entidade
- Enderezo
- Teléfono de contacto
- Fotocopia compulsada do CIF
- Fotocopia compulsada dos estatutos selados
- Título da obra

A asociación ou entidade.....expresa o seu desexo de participar na I edición do concurso de creación artística **“Eu tamén podo 2010”** convocado polo Concello de Vigo, a través da área de Benestar Social, aceptando as bases do concurso.

31(1.701).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fe.

am/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.